

COTIZACIÓNS SUBASTA DE GANDO DO DÍA 31/03/2009



**LOIUXA
AGRICULTURA
DE GALICIA**

Feira Internacional de Galicia

Silleda - Pontevedra

Tifno 986-580050 / Fax 986-580162

BECERROS RECRÍA		TOTAL TRANSACCIÓNS	161.616
TOTAL ASISTENCIA	709		
TOTAL ADXUDICADOS	674		

RAZA FRISÓN	MACHOS	FEMIAS
BECERROS DE 0 A 20 DÍAS	136	41
BECERROS DE 21 A 50 DÍAS	145	106
BECERROS MÁIS DE 50 DÍAS	160	117

RAZA CRUCES INDUSTRIAL	MACHOS	FEMIAS
BECERROS DE 0 A 20 DÍAS	317	220
BECERROS DE 21 A 50 DÍAS	356	250
BECERROS MÁIS DE 50 DÍAS	410	374

RAZA RUBIA GALEGA	MACHOS	FEMIAS
BECERROS DE 0 A 25 DÍAS	*	*
BECERROS DE 26 A 50 DÍAS	432	327
BECERROS DE 51 A 120 DÍAS	522	571

* Non se adxudicou ningún animal desta categoría

VACUNO MAIOR		TOTAL TRANSACCIÓNS	260.747
TOTAL ASISTENCIA	419		
TOTAL ADXUDICADOS	389		

CATEGORÍA	PRECIO SEMANAL
VACAS CATEGORÍA EXTRA E - U	1.534
VACAS CATEGORÍA PRIMEIRA R	937
VACAS CATEGORÍA SEGUNDA O	547
VACAS CATEGORÍA DESFEITO P	239

* Non se adxudicou ningún animal desta categoría

BECERROS CARNICEIROS		TOTAL TRANSACCIÓNS	58.646
TOTAL ASISTENCIA	99		
TOTAL ADXUDICADOS	90		

PRECIOS KG/ VIVO	MACHOS	FEMIAS
RAZA FRISÓN	1,46	1,66
RAZA CRUCE INDUSTRIAL	2,29	2,01
RAZA RUBIA GALEGA	2,63	2,47

* Non se adxudicou ningún animal desta categoría

PORCINO CEBADO		
EURO./KG. VIVO S/G	EUROS	
	KG.	DIF.
CARNICEIRO	1,440	0,00
SELECTO	1,165	0,00
NORMAL	1,140	0,00
CASTRADO	1,300	0,00
CANAL II	1,481	0,00
DESVELLE	0,70/0,76	0,00

Segunda semana con estabilidade nas cotizacións: Pese ao claro impulso das cotizacións do cebo (acumulou 17 céntimos en 6 semanas) estas sitúanse por baixo das do ano pasado (-6 céntimos, cando acadaran os 1,20 €/quilo/vivo normal).

Análise de Mercado: Mercado moi pesado: a crise económica penaliza os consumos; o afundimento das divisas dos países compradores do Leste de Europa penaliza as exportacións e xunto a isto, a guerra de prezos que entablaron as grandes superficies comerciais presiona ao vivo dende arriba (dende a distribución).

Pesos: Os pesos en canle baixan fortemente e por terceira semana, o que permite intuir que a oferta de gando é máis ben escasa para o volume de matanza.

Mercados Europeos: Tiran de novo as cotizacións no norte Europeo, o que parece indicar que o consumo interno (Alemania co inicio da tempada das barbacoas) tira lixeiramente, xunto cunhas exportacións a terceiros países (Dinamarca encadea dúas semanas con subas) que parecen espertar aínda que con valores baixos; o contrapunto Francia, que coas protestas dos gandeiros permitiu unha estabilidade e Italia onde o consumo interior parece caer libremente; o **problema de fondo segue sendo o consumo:** aínda que mellora respecto da semana pasada, as subas en vivo das últimas semanas apenas se dan repercutido ao mercado da carne.

BACORIÑOS			
PROCED	EUROS		
	KG.	UNIDADE	DIF
ÚNICA	2,35	47,00	-3,00
VARIAS	2,10	42,00	-3,00

Fin do ciclo:
Como é tradición, San Xosé marca estacionalmente o límite máximo ás entradas de leitón, e deste xeito o fin do ciclo alcista nas cotizacións dos mesmos.

Mais sendo todos conscientes da necesidade da baixa, as cuantías poden ser máis discutidas: o vendedor tenta defender as cotizacións baseándose en que a oferta segue nuns valores baixos (pola clara reestruturación neste mercado); mentras o comprador, rematado o calendario óptimo para aproveitar o teórico máximo do cebo (en xullo), e tendo en conta asemade a compoñente financeira (os cebadoiros están nunha mala situación arrastrada durante moito tempo e da que aínda non saíron a pesares do repunte do cebo nas últimas semanas, xa que non compensa as perdas sufridas) tentan conseguir unha corrección baixista pronunciada.

Aínda que a cotización foi fixada para dúas semanas (ata despois de Pascua), pasados os festivos é moi probábel que as cotizacións tendan aínda máis á baixa.

BASE 20 QUILOS SEGUNDO A PROCEDENCIA:
ÚNICA EXPLOTACIÓN (LOTES DE 500 OU MÁIS).
DE VARIAS (LOTES DE MENOS DE 500 ANIMAIS)

OVOS				
CLASE	EUROS			
	BRANCOS	DIF.	MOUROS	DIF.
XL	1,66	0,00	1,66	0,00
L	1,43	0,00	1,43	0,00
M	1,41	0,00	1,41	0,00
S	1,10	0,00	1,10	0,00

Estabilidade na cotización do ovo tras oito semanas consecutivas de subas.
Como era previsible, tras oito semanas consecutivas á alza (XL:+0,08; L:+0,13; M:+0,17; S:+0,16), o mercado parece enfriarse; mais aínda así cómpre ser cautos: o nivel de existencias que repuntara claramente nas dúas últimas semanas, redúcese un pouco (a oferta certamente incrementou, aínda que non é excesiva); mentras a demanda amósase de momento aparentemente firme; con isto, non se pode falar aínda de sobreoferta; ademais, os mercados Europeos de referencia aparecen firmes, polo que todo parece apuntar a unhas semanas máis ou menos estables.

GALIÑAS DE DESVELLE		
	EUROS	
	KG.	DIF
SEMIPESADAS 2,100 A 2,200 KGS	0,33/0,46	0,00

Sexta estabilidade na cotización das galiñas: A senda da estabilidade no sector das galiñas parece que pode chegar ao seu fin. Se existiron dous ciclos neste mercado (xaneiro), onde o sector aproveitou para a reposición de galiñas, traducido nun recorte das cotizacións; en febreiro/marzo a oferta voltou a baixar e as cotizacións subiron, aguantando nas últimas semanas. Pasada esta fase de estabilidade, agora agárdase outra reposición de galiñas, o que pode reducir os prezos pasada a pascua.

As cotizacións son un 53,33% superiores ás de 2008.

COELLO		
	EUROS	
	KG.	DIF
GRANXA EN VIVO		
NOVO	1,70 €	0,00

Todo depende do consumo: Situados na primeira máxima estacional anual (marzo/abril), todo apunta a que a partires d'agora teñamos que prever baixas e isto cunhas cotizacións menores cas de 2008 e 2007. O mercado do vivo parece ir alleo ao mercado da canle: baixo nivel de produción en granxa xustifica para a produción cotizacións maiores; porén o baixo consumo, as ofertas agresivas (guerra de prezos entablada polas grandes superficies comerciais) presiona ao mercado das canles. En fin, tanto produtores como matadoiros agardan resistir este nivel de cotizacións o máximo tempo posible.